

# HITCHCOCK/ TRUFFAUT

[Kent Jones, 2015]

# 100

100 FILMES EN NUMAX

**ESTREA EN NUMAX:** 01.04.2016 | V.O.S.E. | +7

Hitchcock/Truffaut (2015, 80')

**Dirección:** Kent Jones

**Guión:** Kent Jones, Serge Toubiana

**Participación:** David Fincher, Martin Scorsese, Wes Anderson, Richard Linklater, Alfred Hitchcock, François Truffaut, James Gray, Olivier Assayas, Kiyoshi Kurosawa

**Montaxe:** Rachel Reichman

**Son:** Matthieu Cochin, Matteo Liberatore

**Música:** Jeremiah Bornfield

**Fotografía:** Nick Bentgen, Daniel Cowen, Eric Gautier, Mihai Malaimare Jr., Lisa Rinzler, Genta Tamaki

**Produtora:** Arte France, Artline Films (Francia), Cohen Media Group (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Sherlock Films

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.35:1

## PREMIOS

Cannes 2015 (nomeado ao mellor documental),  
Denver 2015 (mellor documental)

## FILMOGRAFÍA

*Una carta a Elia*, 2010 [con Martin Scorsese]

*Val Lewton: el hombre en la sombra*, 2007 [TV]

*Lady by the Sea: The Statue of Liberty*, 2004

[con Martin Scorsese, TV]

## SINOPSE

En 1962, os cineastas Alfred Hitchcock e François Truffaut pecháronse para ter unha longa conversa de cincuenta horas e cincocentas preguntas sobre o cinema do mestre do suspense. O director Kent Jones convida a algúns dos mellores directores do noso tempo a reflexionar arredor dun máis grandes cineastas da historia do cinema.

«A proxección de *Hitchcock/Truffaut* debera ser obrigatoria en todas as escolas de cinema»

Leonardo García Tsao. LA JORNADA



# HITCHCOCK/ TRUFFAUT

[Kent Jones, 2015]

## Entrevista con Kent Jones

Por Steven Mears

**Coido que calquera amante do cinema tense achegado nalgún momento a *El cine según Hitchcock* de Truffaut.**

**Como o descubriches o libro e que significa para ti?** Pois deumo meu pai. Non lembro se xa o tiña el previamente ou o mercou especialmente para min. Mais a miña historia co libro aseméllase moito á que conta Fincher no filme. A diferenza é que eu non tiven un pai que me movea a facer cinema.

**Cal era o teu nivel de cinefilia cando descubriches o libro?**

Cinefilia é unha palabra da que tento fuxir. A cousa é que me atopaba cativado polo cinema e, en primeiro lugar, polos fotogramas dos libros de cinema. Por exemplo, *The Movies*, a historia pictórica de Richard Griffith sobre o cinema. Logo veu a serie de Dick Schickel *Los hombres que inventaron las películas* (1973), que botaban na PBS ao comezo dos setenta e na que participou o propio Hitchcock. Aí foi cando comecei a saber que existía unha figura chamada director pola que comecei a interesarme. Nese momento accedo ao cinema de Hitchcock, comezando por *Crimen perfecto* (1954) e chega ás miñas mans *El cine según Hitchcock*.

Revisar o cinema de Hitchcock é sempre unha nova experiencia. Eu estou a ver seguido *La ventana indiscreta* (1954). E iso non é posíbel con outros directores. Probablemente ocorra con certos filmes de John Ford. No caso de Hawks, outro gran cineasta, teño épocas nas que o deixo e logo volvo a el. Mais Hitchcock non facía ningún filme a medias. Mesmo aquelas obras que foron máis amplamente criticadas como *Valses de Viena* (1934) ou *Posada Jamaica* (1939) non gardan relación con *Nace una canción* [Hawks, 1948], *Vivamos hoy* [Hawks, 1933] ou *Cuatro hombres y una plegaria* [John Ford, 1938]. Hitchcock é diferente nun senso amplo. Non hai ningún outro cun corpus cinematográfico tan amplo, cubrindo tanto terreo non sentido literal, figurativo, emocional e xeográfico.

**Cara ao remate do filme ouvimos a Hitchcock especular que se cadra podería ter sido máis experimental**

**cos personaxes e os actores. Podes comentarnos algo diso? Atopas algún paralelismo con Truffaut en termos de autolimitación?**

Trátase dunha pregunta complexa. Parte do feito de que Hitchcock foi moi menosprezado pola crítica ao longo da súa vida, sen ter sido valorado até ben avanzada a súa filmografía e el pensaba: «Se tivera feito filmes máis baseados nos personaxes ca no suspense ou na narración ascendente, tería sido tomado máis en serio?» Mais trátase dunha pregunta de ida e volta cara a si propio, e tamén unha pregunta a Truffaut. E iso foi o que tentei expoñer no filme. El pregunta, «son realmente un artista?» e Truffaut responde, «si, non só tes unha obra substancial, senón que se non fose por ti, pode que eu non comezase a facer filmes». E logo tamén di: «Supoño que calquera artista se atopa limitado pola súa propia forma». E ten razón. Hawks xirou sempre ao redor das mesmas ideas, pois el pensaba, «se funcionou a última vez, coido que ha funcionar agora tamén». Mais tamén porque se atopaba interesado polas mesmas configuracións emocionais. E o mesmo acontece con John Ford ou con Martin Scorsese. No caso de Truffaut, non creo que estea máis ou menos limitado ca os demais nin considero que os límites sexan algo pexorativo. Truffaut é un artista moito máis complexo e esgrevio do que semellaba cando estaba vivo e facía un ou dous filmes cada ano.

**Outro dos temas do documental é como Hitchcock e Truffaut se axudaron un ao outro a través da entrevista.**

No caso de Truffaut é obvio que a súa misión era rescatar a Hitchcock, non sei se rehabilitalo máis si redefinir as coordenadas da súa obra e situalo no lugar axeitado. Non só como un dos meirandes cineastas da historia, senón como un modelo para outros cineastas. Non hai moitos autores dos que se poida dicir tal. Se cadra Griffith, probablemente Murnau ou Ford. E antes Méliès ou os Lumière.

Extraído de: <http://www.filmcomment.com/blog/interview-kent-jones/>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA NOSA LIBRARÍA

*El cine según Hitchcock*  
François Truffaut. Alianza, 2016  
*Hitchcock-Truffaut: edición definitiva.*  
François Truffaut. Akal, 1991  
*Alfred Hitchcock.* José Luis Castro de Paz. Cátedra, 2012  
*Os filmes da minha vida*  
François Truffaut. Orfeu Negro, 2015  
*El placer de la mirada*  
François Truffaut. Paidós, 1999  
*Atrapa a un ladrón.* Universal [Blu-Ray]  
*Cortina Rasgada.* Universal [Blu-Ray]  
*Frenesí.* Universal [Blu-Ray]  
*La soga.* Universal [Blu-Ray]  
*La sombra de una duda.* Universal [Blu-Ray]  
*La trama.* Universal [Blu-Ray]  
*La ventana indiscreta.* Universal [Blu-Ray]  
*Los pájaros.* Universal [Blu-Ray]  
*Marnie la ladrona.* Universal [Blu-Ray]  
*Vértigo.* Universal [Blu-Ray]

# 100

100 FILMES EN NUMAX

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)